

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

## 1. EVOLUCIÓN DOS NEGOCIOS E SITUACIÓN DA ENTIDADE

De acordo cos artigos 73 e 134 da vixente Lei de Cooperativas de Galicia, o Consello Reitor presenta o informe de xestión adxunto, o cal contén unha exposición fiel sobre a evolución do negocio, e a situación da Unión de Cooperativas.

A evolución dos negocios da Unión de Cooperativas Espazocoop foi a seguinte:

Sendo o ano 2017 o primeiro ano de funcionamento de Espazocoop, resultado da fusión de tres entidades (UCETAG, UGACOTA e SINERXIA), non é posible facer unha comparativa directa con datos de exercicios anteriores, porén si se pode facer cos datos agrupados das devanditas entidades.

### Ingresos de explotación

Ano 2.017      479.924,18 (Unión de Cooperativas Espazocoop)

Ano 2.016      566.127,40 (UCETAG+UGACOTA+SINERXIA)

Variación      -15,23%

### Ingresos extraordinarios

Ano 2.017      3.064,63 €

Ano 2.016      5.114,89 €

Variación      -40,08%

Esta diminución dos ingresos, por outra banda xa prevista, ten a súa orixe na redución de axudas públicas, nomeadamente as recibidas da Consellería de Economía e Emprego para gastos de funcionamento que antes se concedían a tres entidades distintas e a partir deste ano a unha soa entidade, operando o límite da axuda.

O resultado de explotación veuse minorado por unha perda de crédito comercial incobrable por importe de -8.654,18 €. Con todo, o devandito resultado foi de 3.104,47€. Este resultado de explotación permítenos chegar a coñecer o CASH FLOW xerado pola sociedade no ano 2.017 que é:

Ganancia de Explotación      3.104,47 €

Amortizacións      2.003,19 €

Provisións      0,00 €

Saldo de CASH FLOW      **5.107,66 €**

INFORME DE XESTIÓN  
Unión de Cooperativas Espazocoop

Os gastos de explotación do exercicio soportados teñen variado segundo o seguinte cadro:

	<b>Ano 2017</b>	<b>Ano 2016</b>
Aprovisionamentos	0,00 €	54.342,85 €
Outros gastos Explotación	163.277,21 €	203.606,84 €
Gastos de Persoal	311.539,31 €	282.500,89 €
Gastos Financeiros	2.215,69 €	2.586,04 €
Amortizacións	2.003,19 €	3.120,77 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>479.035,40 €</b>	<b>546.157,39 €</b>

A redución de ingresos reflectida nos parágrafos anteriores, vese compensada coa diminución de gastos, especialmente os referidos a aprovisionamentos e outros gastos de explotación con reducións moi significativas.

A estrutura económica e financeira da Unión de Cooperativas é a seguinte:

<b>A C T I V O</b>	<b>S A L D O</b>	<b>%</b>
A) ACTIVO NON CORRENTE	6.401,44	2,21
B) ACTIVO CORRENTE	282.980,76	97,79
	-----	-----
TOTAL ACTIVO (A+B).....	289.382,20	100,00
 <b>P A S I V O</b>	 <b>S A L D O</b>	 <b>%</b>
A) PATRIMONIO NETO	146.494,34	50,62
C) PASIVO CORRENTE	142.887,86	49,38
	-----	-----
TOTAL PATRIM.NETO PASIVO(A+B+C).....	289.382,20	100,00

## INFORME DE XESTIÓN

### Unión de Cooperativas Espazocoop

A pesar dos distintos axustes reflectidos na Memoria, levados a cabo en partidas de deterioro de valor de créditos por operacións comerciais, en espera de posibles axustes futuros, os fondos propios da Unión de Cooperativas Espazocoop representan un 50,62% sobre o total do pasivo. O fondo de manobra é positivo en 140.092,90 €. Ambos ratios indican unha situación financeira saneada.

## **2. EVOLUCIÓN PREVISIBLE DA SOCIEDADE.**

Tralo primeiro ano de transición e afianzamento da estrutura organizativa, a Unión continúa na liña de ofrecer servizos de calidade ás cooperativas socias e grupos promotores de cooperativas, ao abeiro de distintos programas financiados con fondos públicos, entre os que cabe destacar os promovidos pola Consellería de Economía e Emprego, tanto para actividades da Rede Eusumo como para gastos de funcionamento, o programa LACES (Interreg VA) e o programa POISES (FSE). O longo período de cobro deste tipo de programas vai condicionar o incremento de financiamento alleo para facer fronte as necesidades de tesourería da entidade.

Continuamos na procura de novas cooperativas , co obxecto de gañar representatividade cada ano e mellorar o autofinanciamento e afianzar así a actividade e o crecemento da entidade. O exercicio económico 2017 non foi todo o favorable que se esperaba nos resultados contables, pero tendo en conta os gastos que levaba aparelhada a posta en marcha da Unión e os axustes extraordinarios apuntados, en termos xerais pódense considerar satisfactorios. Con todo, espéranse ter uns mellores resultados nos vindeiros períodos.

## **3. ACTIVIDADES EN INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO.**

Non existe un departamento específico destinado á investigación e desenvolvemento. Durante este exercicio non está previsto realizar ningunha actividade específica en materia de investigación e desenvolvemento, máis aló de novos programas formativos, unidades didácticas ou ferramentas de xestión ao abeiro dos distintos programas.

## **4. ADQUISICIÓNS DE ACCIÓNS PROPIAS.**

Como aparece reflectido na memoria, a Unión non efectuou ningunha adquisición de accións propias durante o exercicio.

INFORME DE XESTIÓN  
**Unión de Cooperativas Espazocoop**

**5. ACONTECEMENTOS IMPORTANTES PARA A UNIÓN OCORRIDOS DESPOIS DO PECHE DO EXERCICIO.**

Dende o peche do exercicio non se produciron feitos de relevancia ou transcendencia que poidan incidir nos resultados da entidade no presente exercicio.

The image shows several handwritten signatures in blue ink. On the left, there are two distinct signatures. In the center, there is a long, horizontal signature that appears to be a name followed by a surname. To the right of this, there are two more signatures, one larger and one smaller, both appearing to be initials or short names.

Sinaturas Consello Reitor  
Marzo 2018